Limpeza simultánea de praias. Día Mundial dos Océanos. Malia ter unha fin de semana máis propia de outubro que de xuño, centos de persoas puxeron os impermeables e achegáronse á costa para limpar os areais de Galiza. Nin a chuvia nin o frío freou a **máis de 500 persoas** que quixeron facer unha chamada de atención sobre o plástico nos mares. Dende a mañá ata a tardiña as limpezas fóronse desenvolvendo por todo o litoral galego. Houbo centros de ensino, escolas de surf, ONG ecoloxistas, asociacións culturais, asociacións de mulleres rurais e até mergulladores. Todas e todos tiñan o mesmo fin: limpar a praia e crear conciencia. **Álbum de PICASA** coas fotos da xornada.

Recolléronse máis de 4.000 kg de lixo, a maioría de orixe plástico. Cordas de todo tipo, aparellos de pesca, caixas, botellas, tapóns, e ata petróleo do Prestige que aínda aparece polas nosas costas aterrado baixo a area. Alén das limpezas, nalgúns lugares a xornada tamén serviu para dar a coñecer a importancia e biodiversidade dos areais e dos ecosistemas dunares: fixéronse tarefas de identificación de cetáceos varados ou clases de educación ambiental para os alumnos de algún instituto. Aínda que se buscou na maioría das praias onde adoita estar, este ano non observamos niños de píllara das dunas (Charadrius alexandrinus), ave ameazada que pon os seus ovos na area. A todos/as, moitas grazas polo voso compromiso co ambiente! Podes ver as fotos enviadas polos participantes e o mapa das limpezas.

[redacted]

[redacted] [redacted]eas

	Concello	Colectivo	Praia	Nº voluntario/as	Kg de lixo
1	Baiona	Concello de Baiona	Barbeira, Concheira, Frades e Ribeira	21	400
2	Barreiros	North Shore Clube de surf	Barreiros	23	400
3	Burela	IES Perdouro	Perdouro	30	150
4	Carnota	Raínha Lupa, Plataf. Para a defensa do Patrimonio de Quilmas e ADEGA-Costa da Morte	Corna Becerra	8	200
5	Fene	Aspaneps	Praia de San Valentín	20	adiada
6	Ferrol	ADEGA Ferrolterra; Surfrider Foundation	Doniños	16	500
7	Fisterra	IES Fin do Camiño	Praia de Fistera	80	200
8	Fisterra	Voluntariado e veciñanza	Praia de Talón	2	200
9	Laxe	IES Baio-Zas	Traba	35	400
10	Muxía	Programa de voluntariado do concello de Muxía	Praia de Nemiña	10	500
11	Nigrán	Prado Surf Escola	Praia de Patos	24	50
12	O Grove	Riders Surf School	A Lanzada	-	adiada
13	O Grove	IES As Bizocas	Areal da Cruz	35	100
14	Oleiros	OMA-UDC	Bastiagueriño	10	150
15	Paderne	GN Hábitat	Praia da Abeleira	6	250
16	Poio	Plataforma veciñal de Samieira	Areal do Laño	25	50
17	Porto do Son	ADEGA Nacional	Queiruga	5	350
18	Sada	ADEGA Coruña e Plataforma pola defensa da ría de Sada	Praia de Morazón	20	60
19	Valdoviños	CPI Atios	A Frouxeira	60	adiada
20	Vigo	Buceo Balea e CEMMA	Marina Dávila	25	100
21	Vigo	Voces polo litoral de teis	A Lagoa	18	200
22	Vilanova de Arousa	IES A BASELLA	Terrón	50	70
		Van Surf School e A			